

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4

SESION EXTRAORDINARIA DO 26 DE MARZO DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel

Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Rodríguez Escudero, Cayetano (concelleiro do grupo municipal Socialista)
Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)
Figueroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e seis minutos do día vinte e seis de marzo do ano dous mil dezaoto, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López,

Regades Fernández, Rivas González e Rodríguez Díaz, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señoras/es concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello número 4, sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe ás 10,00 horas no salón de Plenos, a orde do día está en poder das señoras/es concelleiros, constatamos quórum, abrimos sesión pública.

Consta de dous puntos da orde do día, primeiro concesión da Medalla da Cidade e segundo Nomeamento de Vigueses Distinguidos.

1(38).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 15962/101 (REXISTRO PLENO 1727/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 26 de marzo de 2018, a xefa de Fomento do Emprego, encomenda provisional de función do posto de Dirección e Apoio Institucional á Alcaldía, e conformado polo Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal para o presente ano 2018 e co gallo da Festa da Reconquista da Cidade, o seguinte informe proposta:

“Mediante instrucción de servizo de data de sinatura electrónica, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordea á técnica que subscribe, en virtude de encomenda de funcións de data 8 de xuño de 2017, a realización dos tramites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excma. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión da Medalla da Cidade á Asociación de Mulleres Diálogos 90, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das

administracións públicas

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado o 30 de maio de 2016
- Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.

CUARTO. Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 23.03.2018 celebrouse Xunta de Voceiros co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, realizándose a proposta de conceder a Medalla da Cidade 2018 á Asociación de Mulleres Diálogos 90.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.MARCO LEGAL

PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Diputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruíra ao efecto.

QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

SEXTO: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

OCTAVO.- Con data 30.05.2016 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

NOVENO.- Con data 23.03.2018 celebrouse unha Xunta de Voceiros extraordinaria co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado do dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.

II.MOTIVACIÓN DA MEDALLA DA CIDADE Á ASOCIACIÓN DE MULLERES DIÁLOGOS 90

Na instrución de servizo de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente figura motivación suficiente dos méritos e cualidades que concorren na Asociación de Mulleres Diálogos 90, que se propón como entidade destinataria da Medalla da Cidade 2018, no xeito que de seguido se indica:

“A proposta recoñece o papel da Asociación de mulleres Diálogos 90, Viguesa Distinguida no ano 2010, pola súa participación activa en todas as manifestacións culturais e artísticas así como nas actividades de tipo social da cidade de Vigo.

Unha asociación de mulleres con profundo arraigo na cidade de Vigo, onde levan máis de 28 anos traballando pola igualdade entre mulleres e homes e visibilizando co seu esforzo o labor de mulleres destacadas en todo tipo de ámbitos: cultural, científico, académico, social.

A Asociación Diálogos 90 nos ten permitido contar a historia de novo, tal e como verdadeiramente transcorreu, dando ás mulleres a dimensión que ocuparon nos seus respectivos eidos, sacándoas en moitos casos do silencio e dándolles o protagonismo real que tiveron e teñen.

Esta asociación traballa arreo para releer a historia con perspectiva de xénero, non só rescatando o protagonismo das mulleres no pasado, senón poñendo en valor o papel decisivo que a muller desenvolve no presente”.

III. INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta é exclusivamente honorífica e non comporta dereito económico nin administrativo algún para o galardoado/a, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

IV. COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, segundo Decretos de 19/06/2015 e 30/12/2016 e acordos XGL de 19/06/2015 e 30/12/2016.

VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia, contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente a seguinte ”

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

Iniciamos o punto primeiro, a proposta é que a Medalla da Cidade se conceda á Asociación de Mulleres Diálogos 90, polo seu traballo nesta cidade dende o ano 90, pola súa participación activa en manifestacións culturais e artísticas en actividades de tipo social da cidade, 28 anos traballando pola igualdade, co desenvolvemento das mulleres e a dimensión que ocuparon nos seus respectivos eidos.

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“PRIMEIRO. “Aprobar a concesión da Medalla da Cidade 2018 á Asociación de Mulleres Diálogos 90, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren na entidade proposta e que se conteñen na parte expositiva deste informe-proposta.

SEGUNDO. “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno””

2(39).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 15963/101 (REXISTRO PLENO 1725, 1526 E 1728/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 26 de marzo de 2018, a xefa de Fomento do Emprego, encomenda provisional de función do posto de Dirección e Apoio Institucional á Alcaldía, e conformado polo Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, formula o seguinte informe-proposta:

“Mediante instrucción de servizo de data de sinatura electrónica, o Concelleiro-

delegado da Área de Xestión Municipal ordea á técnica que subscribe, en virtude de encomenda de funcións de data 8 de xuño de 2017, a realización dos tramites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidos 2018”, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado o 30 de maio de 2016
- Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

TERCEIRO.- En aplicación do artigo 5º.3. Do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.

CUARTO. Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 30.05.2016, establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

QUINTO.- Con data 23.03.2018 celebrouse Xunta de Voceiros co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, realizándose a proposta que se contén no expediente de referencia.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. MARCO LEGAL

PRIMEIRO.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

SEGUNDO.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

TERCEIRO.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

CUARTO.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Diputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares poderán acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruirá ao efecto.

QUINTO.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

SEXTO: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

SÉTIMO.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rúeiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

OCTAVO.- Con data 30.05.2016 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

NOVENO.- Con data 23.03.2018 celebrouse unha Xunta de Voceiros extraordinaria co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado do dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.

II. MOTIVACIÓN PARA OUTORGAR A DISTINCIÓN

Na instrucción de servizo de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente figura motivación suficiente dos méritos e cualidades que, a xuízo dos propoñentes, concorren nos candidatos e candidatas ao galardón, no xeito que de seguido se indica:

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO, PREMIO NACIONAL DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL 2017 E LEDICIA COSTAS ÁLVAREZ, PREMIO NACIONAL DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL 2015
EX AEQUO

Antonio García Teijeiro é un dos grandes poetas e narradores da literatura infantil e xuvenil galega.

O primeiro contacto real deste vigués coa poesía foi escoitando a Bob Dylan e Paco Ibañez. Profundo admirador de García Lorca e Rosalía de Castro, foise labrando desde entón o seu camiño literario entre versos avivado por unha das almas poéticas españolas, Rafael Alberti, do que herdou o seu intimismo.

Crítico e especialista en literatura infantil e xuvenil imparte cursos de animación á lectura, creación literaria, talleres de poesía, conferencias e participou en diversas xornadas didácticas e literarias.

Poemar o mar é o libro de poemas co que se gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil do Ministerio de Cultura no ano 2017.

A viguesa Leticia Costas debutou na novela coa obra Unha estrela no vento a que seguiron O corazón de Xúpiter e Recinto Gris. Será coa súa obra Escarlatina a cociñeira defunta coa que consegue o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil na súa edición 2015.

A súa obra poética está recollida en distintas publicacións colectivas pero tamén conta cunha colección de poemas Xardín de Inverno, publicada individualmente Leticia é unha autora que se atreve, coas formas e no fondo, a romper cos aspectos máis reaccionarios da burbulla da infancia, sen renunciar ao ton e ao tratamento apropiado que conecta cos seus lectores máis novos.

ASOCIACIÓN DE AMAS DE CAS AGARIMO

Formada por un grupo de amigas e coñecidas no ano 1997, sendo coñecedoras da soidade que vivían moitas persoas.

A asociación dispón dunha ampla oferta de actividades e cursos que se imparten no seu local social. Ademais contan cunha Coral Polifónica e un grupo de Teatro. Na actualidade son xa mais de 500 persoas asociadas.

CEIP CANICOUVA, E CEIP DOUTOR FLEMING, EX AEQUO, POLOS 50 ANOS NA CIDADE

O CEIP Canicouva está situado na parroquia de Castrelos. Nestes 50 anos sufriu notables melloras para adecuar as súas instalacións ás necesidades que os novos tempos foron marcando.

Moitas xeracións pasaron por este centro educativo que ten como obxectivo primordial que o alumnado entenda as tradicións como manifestacións da propia historia e fomentalas; que sexan parte activa e protagonistas das actividades que se desenvolven no centro con actitude positiva e respectando o traballo de todos.

O Ceip Doutor Fleming iniciou o seu funcionamento no actual edificio principal do Hospital Municipal, hoxe en día Nicolás Peña.

No ano 1963 pónse en funcionamento como segundo colexio nacional en Vigo para impartir as disciplinas de ensinanza Primaria. Nos vindeiros anos as instalacións do centro sofren continuos procesos de transformación e melloras hasta chegar a nova construción do edificio que se coñece na actualidade.

Moitas xeracións pasaron por este centro no que viviron cantidade de experiencias afectivo-educativas.

CENTRO COMERCIAL COIA 4, POLO SEU 40 ANIVERSARIO

O centro comercial está situado no barrio vigués de Coia con entradas polas rúas Castelao, Mondariz e Soutomaior.

Esta gran praza ten un parque infantil e unha ampla zona na que a veciñanza pode desfrutar dun lugar agradable ao tempo que fai as súas compras xa que conta con numerosos negocios como drogaría, xoiería, cafeterías, farmacia, tinturaría e postos de alimentación a modo de mercado de abastos.

Dende a súa remodelación deixou de ser un lugar de paso para converterse nun lugar de entretemento.

CLUB MONTAÑEROS CELTAS

Este club, que cumpre 75 anos, comeza a xermolar no ano 36 da man do Centro Excursionistas de Galicia e será no ano 52 cando pase a chamarse Club Montañeiros Celtas.

O seu principal obxectivo é a difusión dos deportes de montaña, en todas as súas modalidades, así como calquera actividade ligada ao entorno natural tanto deportiva como cultural ou conservación do medio. Para conseguir eses obxectivos crean seccións encargadas de varias disciplinas (montaña, sendeiros, escalada, esquí, infantil, xuvenil, social...etc.).

O seu labor de difusión das belezaas naturais que encerra a nosa natureza, o coñecemento das súas montañas así como dos sistemas orográficos da península foi o motivo constante de superación e pedra angular sobre a que apoiar o labor

cotiá da sociedade deportiva viguesas que conta na actualidade con mais de 1160 persoas asociadas.

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA

Constitúese na parroquia de COIA, hai 20 anos, Asociación veciñal con profundo arraigo na cidade, que leva máis de vinte anos sendo punto de encontro, reunión e dinamización dos veciños e veciñas do barrio.

CORUXO F.C

O clube naceu no ano 1930 trala súa fusión con outra equipa da zona, o Mirambel. A partires desta fusión a equipa nutriuse sempre de xogadores da parroquia de Coruxo e se establece o seu campo na Xunquería do Bao. Actualmente, o Coruxo conta cunha equipa filiar punteira en rexional e con categorías inferiores con un altísimo nivel. Tras varios intentos de ascenso, o Coruxo subiu a Segunda División B na temporada 2009/10. Un club da cidade e para a cidade, que esperta entusiasmo nos vigueses.

ROSARIO PÉREZ MONTES

Usuaría, no seu día, de Programas de Atención á Drogodependencia, nos que se preparou en programas sociocomunitarios de prevención de drogodependencias e VIH. Persoa comprometida socialmente, que foi quen de superarse e contribuir á mellora de programas asistenciais. Traballadora social incansable a prol das persoas con poucos recursos. Na actualidade traballadora do Alberque Municipal, segue a traballar cada día en defensa de condicións de vida digna para os que menos teñen”.

III. INCIDENCIA ECONÓMICA

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta é exclusivamente honorífica e non comporta dereito económico nin administrativo algún para o galardoado/a, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

IV. COMPETENCIA.

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo, a proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, segundo Decretos de 19/06/2015 e 30/12/2016 e acordos XGL de 19/06/2015 e 30/12/2016.

VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia, contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elévase ao órgano competente a seguinte ”

A proposta foi consultada coa Xunta de Voceiros, na súa sesión extraordinaria do 23.03.2017.

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE:

PRESIDENCIA: A proposta é nomear “ex aequo” a D. Antonio García Teijeiro e a D^a Leticia Costas Álvarez, premios nacionais de literatura respectivamente en 2017 e 2015.

Asociación Amas de Casa Agarimo “ex aequo” CEIP Canicouva e CEIP Doutor Fleming por 50 anos na cidade, Centro Comercial Coia 4 polo seu cuadraxésimo aniversario, Club Montañeiros Celtas por 75 anos desenvolvendo a súa labor dende Vigo para toda Galicia e para todo o mundo, Asociación de Veciños Praza da Miñooca, 20 anos levando o seu traballo en Coia, Coruxo Fútbol Club nacido no ano 1930 e os seus especiais méritos deportivos e D^a Rosario Pérez Montes, traballadora neste intre no Albergue Municipal, persoa comprometida socialmente que foi capaz de superar e contribuír á mellora de programas asistenciais. Este é a proposta que se propón diante do Pleno, observacións.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nós simplemente queríamos facer unha observación en relación á proposta que fixo este grupo municipal, a única que puido facer neste ano para Vigüés Distinguido, propuxeramos efectivamente ao Coruxo pero ademais polos seus evidentes méritos deportivos tamén pola súa extraordinario exemplo a noite dos incendios onde abriron as portas do Club para ser a casa de moitos centos de vigueses que fuxían do fogo, que estaba cercado as súas casas, eu creo que é un acto que se recoñeceu por toda a cidade e como símbolo ademais da actuación heroica de moitos vigueses que se lanzaron a loitar contra o fogo nesa noite e eso era a totalidade da proposta deste grupo, non sabemos se

por un erro de transcripción ese motivo non está incluído na proposta pero si que queríamos deixar constancia de que a proposta aunaba a parte deportiva evidente, que xa por si soa por suposto era mérito suficiente, pero tamén engadiuse o exemplo e a labor social que deron a noite dos incendios.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz, non é ningún erro de transcripción nin cuestión polo estilo porque todos os que foron propostos como vigueses distinguidos na memoria e na documentación que figurou para a súa proposta figuraban moitos máis méritos e en relación coa noite dos incendios pois o dixo vostede, moitas institucións desta cidade e moitas persoas abriron as súas portas, colaboraron e o mérito daquela noite foi absolutamente de todos. Polo tanto creo que niso non se deberían de destacar singularidades, o que si é certo é que o Coruxo ten moitos méritos para ser Vigués Distinguido e creo que os que figuran na memoria son polos que certamente corresponde a súa distinción, pero en canto ao que é o detalle dos méritos por cada un dos propostos puidéranse ter posto moitos máis na memoria.

VOTACIÓN.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“PRIMEIRO. “Aprobar a concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidos 2018”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos nesta proposta de resolución.

SEGUNDO. “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e trece minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.